

ARQUITECTURA Y COLOR

26 outubro 2018 12:00 a 14:00 h Salón de actos da ETSAC

Ángeles Castro Dapena
Arquitecta
Coordinadora

Guía de Cor e Materiais de Galicia

Xunta de Galicia e
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

A **finalidade** da **Guía de Cor e Materiais de Galicia** é proporcionar uns criterios e directrices técnicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

Esta Guía está fundamentada sobre unha investigación das características das edificacións tradicionais e orientada a asegurar unhas boas condicións de **integración paisaxística**, tanto en obras de rehabilitación ou reforma de edificacións existentes, como en obras de nova construción. Os criterios expresados na Guía pretenden lograr un equilibrio entre a congruencia coa arquitectura tradicional, e por tanto co **patrimonio cultural** en sentido amplo, e a procura dun nivel alto de calidade escénica nas contornas humanas.